

UNIDADE 2. A VISIÓN DO CLASICISMO EN ROMA

1. ACHEGAS DE ROMA AO MUNDO CLÁSICO

Roma, ademais de ser a encargada de estender polo Mediterráneo a cultura grega, ofrece achegas orixinais que acaban de conformar o que entendemos por Cultura Clásica, como son a expansión do latín, a codificación do Dereito Romano, e ata a difusión do cristianismo na súa etapa final, aspectos todos eles que contribúen a sentar as bases da cultura occidental.

Polo que respecta á Arte, Roma bebe da tradición grega que vai sumar a unha herdanza etrusca. Pero ademais, a arte romana presenta unha personalidade clara, na que vai destacar o seu carácter práctico e técnico, sobre todo na arquitectura, no urbanismo, na enxeñería, aspectos todos eles unidos no mundo romano.

Roma abarca todo o territorio que nun momento determinado estivo baixo o dominio político, económico, artístico e militar a cidade de Roma. Comezou o seu desenvolvemento no S.VI a.C. como cidade fundada polos etruscos, civilización contemporánea á Grecia arcaica. Despois de terse liberado do dominio etrusco (509 a.C.), a República romana iniciou unha política de expansión coa que logrou dominar e romanizar toda a conca mediterránea ("Mare Nostrum"), difundindo o seu idioma, dereito, comercio, moeda urbanismo e artes plásticas.

Expansión. Os romanos conquistaron o mundo e fundaron o seu propio Imperio sobre as ruínas dos reinos helenísticos. A etapa de maior esplendor da civilización romana coincide co período do Alto Imperio (S.I a.C.-S.III d.C.). A Roma de esta época é un conglomerado de territorios, pobos e culturas diferentes que esixe un importante número de funcionarios e un poderoso exército para o seu control e administración. As formas políticas foron evolucionando e a figura do Emperador concentra os máximos poderes.

Economía predadora e escravista. En todo territorio foi fundamental a masiva explotación dos recursos dos territorios conquistados e un trazado de vías que comunicaban e organizaban o transporte cara a capital do Imperio.

Crise. Durante o Baixo Imperio (S.III-S.V) unha crise múltiple leva á ruralización e a diferenciación entre Oriente e Occidente, marcando o paso á Idade Media. No S.V os pobos situados na fronteira norte, aos que os romanos denominaban bárbaros, invaden o Imperio Occidental.

PERÍODO	MARCO HISTÓRICO	ARTE
MONARQUÍA (SS. VIII-VI a.C.)	Fundación da cidade. Aparición do Senado, formado por anciáns patricios.	Influencias gregas e etruscas.
REPÚBLICA (SS. VI-27 a.C.)	O poder divídese entre as Maxistraturas e o Senado. Triunfo sobre Cartago. Expansión de Roma no Mediterráneo. Conquista das Galias. Período que remata con inestabilidade, guerras civís, e a crise das institucións	Desde o S.II a.C. coa progresiva anexión dos reinos helenísticos prodúcese unha helenización que reflicte a admiración dos romanos pola cultura grega, impulsada pola chegada de artistas e pensadores gregos a Roma como escravos. Á linguaxe clásica engádense as influencias etruscas como o uso do

	republicanas. Asasinato de Xulio César.	arco de medio punto e novos materiais.
IMPERIO (27 a.C.-476 d.C.)	Octavio Augusto proclámase emperador e asume todas as funcións dos maxistrados, preside o Senado e o exército, é divinizado... Pax Romana. Esplendor do Imperio. Estabilidade con emperadores como os Antoninos (Traxano, Adriano, Marco Aurelio). Baixo Imperio (Desde o S.III d.C.): época de crise que se agrava co tempo. Crise económica e monetaria, guerras civís, invasións. Teodosio (395) divide o Imperio entre os seus fillos Honorio (Occidente, caerá en poder dos xermanos) e Arcadio (Oriente, evoluciona ata dar orixe ao Imperio Bizantino). 476: Fin do Imperio Romano de Occidente.	Construción de numerosas obras públicas, financiadas mediante as conquistas romanas e nas que se glorifica aos emperadores que as patrocinan e se reflicte o poder do propio Imperio (arcos de triunfo, columnas conmemorativas, templos). Engádense novas tipoloxías, infraestruturas necesarias para a nova urbe e o novo Imperio (calzadas, pontes, acuedutos, anfiteatros). Continúase o modelo estético da arte grega helenística, e desde o S.III impóñense novas influencias menos idealizadas (introdución do realismo e o simbolismo na escultura).

2. ANTECEDENTES E PRINCIPIOS BÁSICOS DA ARTE ROMANA

a. HERDANZA ETRUSCA

Os etruscos son un pobo de orixe incerta asentado no territorio comprendido entre os ríos Arno e Tíber en cidades como Caere, Vulci, Volterra ou Tarquinia durante os SS. VII ao IV a.C. Transmiten aos romanos a importancia do culto aos antepasados, o interese polos ritos de adivinación, así como o culto á Tríada Capitolina ou á deusa Vesta. Artisticamente a arte etrusca toma moitos elementos de Grecia, pero tamén terá achegas orixinais que serán tomadas polos romanos:

- Templos elevados sobre un alto podio, cubertas con gran voladizo, columnas de orde toscana.
- Usan o arco de medio punto
- Enterramentos fóra das cidades construídos como tumbas subterráneas cubertas con falsa bóveda e túmulo cuberto de vexetación.
- Na escultura a influencia grega arcaica é moi grande (sorriso arcaico, pelo xeométrico), pero os etruscos buscan representacións máis expresivas e máis realistas con importancia do tema do retrato. Tradición de representar aos defuntos: retratos dos antepasados, retratos de defuntos nos seus sarcófagos.

b. HERDANZA GREGA

Os romanos admiraron sempre a cultura grega, a súa arte, a súa literatura, a súa ciencia, a súa filosofía e a súa relixión. Na escultura o modelo grego será evidente, mentres que en arquitectura os romanos perfeccionarán as técnicas construtivas e innovarán na utilización de materiais adaptándoos ás novas necesidades. Convén, con todo, ter en conta que a arte que os romanos tomarán como modelo será a do período helenístico, non o da Grecia clásica. Así, en arquitectura óptase por un colosalismo que reflecta a grandeza do poder político. En escultura existe un gusto por reflectir o cotián, o anecdótico, e un maior decorativismo que chega a converterse en *horror vacui*.

c. SINCRETISMO

Os romanos asimilan e integran todas as achegas culturais dos pobos aos que conquistan adaptándoas á súa propia personalidade cultural. Aproveitan os materiais construtivos autóctonos das provincias conquistadas.

d. CONSIDERACIÓN SOCIAL DO ARTISTA

Así como en Grecia destacan distintos arquitectos e escultores e coñecemos por testemuñas escritas a obra de varios pintores, en Roma o artista perde parte do seu prestixio social, pasando a ser un mero copista de obras ou un técnico máis que un creador. Na maioría das ocasións, sobre todo os escultores, nin sequera eran homes libres, senón que foran traídos de Grecia como escravos, como a maior parte dos creadores e intelectuais. Unha parte importante das obras de arte que adornaban Roma e outras cidades proviñan do saqueo de cidades gregas e helenísticas. A maioría dos artistas que traballaron en Roma foron gregos, e a maioría dos coleccionistas romanos adquirían obras de grandes mestres de Grecia, ou copias delas. Os principais clientes da arte serán o Estado e as corporacións locais.


3. ARQUITECTURA E URBANISMO EN ROMA

a. CARACTERÍSTICAS XERAIS

- A arquitectura romana, a diferenza da grega, ten un carácter **práctico e funcional**. Predominan as obras e edificios públicos: circos, teatros, pontes, rede de sumidoiros, calzadas, termas, edificios administrativos, etc.
- As influencias máis importantes son a **tradición etrusca** (tipoloxía dos templos, emprego do arco e a bóveda) e sobre todo a **tradición grega**, fundamentalmente do Helenismo. Ademais engaden achegas dos pobos conquistados.
- Carácter **colosal e propagandístico**: arquitectura como reflexo do poder do Imperio e dos seus gobernantes.
- **Materiais**: emprego da pedra (mármore, calcaría, travertino, granito, tufo...) e masivo do ladrillo, de diversas medidas. A gran achega romana é o emprego dun novo material: o morteiro ou cemento romano (*opus caementicium*) formado por morteiro de cal, area, cinzas volcánicas e anacos de ladrillos ou pequenas pedras. O emprego deste material supuxo unha triple vantaxe: ten unha gran resistencia (o que permite facer unha maior variedade de formas e de maior tamaño), permite a construción rápida e é un material moi

barato. Como o material exterior era pobre, revestíase con placas de mármore, suxeitas ás paredes con grapas de metal, con pinturas previo estucado, ou mosaicos (*opus tesellatum*).

- Tipos de **aparells (*opus*)**. Os romanos utilizaron unha gran variedade de aparellos para construír os muros e as bóvedas, segundo empregasen un ou outro material como o *opus testaceum*, o *opus reticulatum*, o *opus laeeticium*, o *opus quadratum*, o *opus mixtum*...
- Engadiron dúas ordes novas: a **orde toscana** e a **orde composta**, ás xa clásicas dórica, xónica e corintia. Van a utilizalas ademais con maior liberdade, superpoñendo distintas ordes nun mesmo edificio como sucede no Coliseo.
- A arquitectura romana é abovedada: emprego masivo do **arco** de medio punto e da **bóveda** de canón. Tamén empregaron a **cúpula**, apoiada sobre muros circulares. A pesadez destas estruturas obriga a construír grosos muros para contrarrestar o seu empuxe.
- Gran importancia do **espazo interior** dos edificios. Grazas ás novas técnicas abovedadas xéranse espazos interiores amplos e maxestosos. Os edificios posúen así un carácter plenamente arquitectónico, fronte ao escultórico que tiñan os templos gregos.



Opus incertum (muro de hormigón al que se empotran exteriormente piedras sin labrar)	Opus testaceum (hecho a base de ladrillos o tejas cocidas unidas con argamasa)	Opus reticulatum (las piezas tienen forma de pirámide y están empotradas en el muro dejando la base de la pirámide a la vista en el exterior)
Opus spicatum	Hormigón en cementos	Bóveda de cañón


b. O URBANISMO ROMANO. O FORO COMO CENTRO DE PODER

A cidade romana é a expresión da orde imperial e o seu trazado adoita ser regular nas cidades de nova planta do Imperio, mentres que as cidades máis antigas e a propia Roma terán unha planta irregular.


Como modelo de urbanismo romano tómase a cidade de Timgad (Alxeria), fundada por Traxano no ano 100 para o retiro de lexionarios veteranos. O plano, case un cadrado perfecto, divídese en catro anacos por dúas grandes rúas axiais e perpendiculares: **cardo** (cardus), orientada N-S, e o **decumano** (decumanus), orientada E-O. As rúas secundarias sitúanse paralelas aos eixos principais, son máis estreitas, e forman unha retícula que orixina mazás rectangulares, coñecéndose este sistema por trazado hipodámico ou en dameiro, modelo tomado do mundo helenístico.

No punto de intersección do cardo e o decumano situábase o **foro**, centro político, relixioso e económico da cidade. A diferenza da ágora grega, o foro romano tende a ser un espazo pechado e xeometricamente ordenado. Ao seu redor situábanse os principais edificios da cidade: a curia (onde se reunía o Senado), os templos adicados ao culto oficial, a basílica (destinada a xulgado e tribunal de xustiza), o mercado, as termas, etc. Tamén había monumentos conmemorativos (arcos de triunfo, estatuas, columnas). En Roma temos o Foro

Romano, onde se situaban os edificios públicos máis antigos, e é ampliado cos Foros Imperiais, iniciados por César e continuados polos emperadores Augusto, Vespasiano, Nerva e Traxano.



Timgad



Roma

c. OS TEMPLOS. TIPOLOXÍAS

- **TEMPLO LONGITUDINAL.** Modelo grego e etrusco. Os templos romanos podían estar adicados a un deus ou a varios como a Tríada Capitolina, así como aos emperadores divinizados. A *cella* ou *naos* é moi ancha (se se adica á Tríada, divídese en 3 partes), péchase cun muro e columnas adosadas e non hai *opisthodomos*. Case sempre se colocan sobre un alto podio e predomina a fachada principal, mentres que a posterior apenas se resalta. Rómpeuse, por tanto, coa simetría do mundo grego. Esta estrutura podemos vela por exemplo no Templo da Fortuna Viril en Roma ou a Maison Carrée en Nîmes, levantado no S.I a.C. en época de Augusto. Trátase dun templo hexástilo pseudoperíptero, de orde corintia e esculpido en pedra calcaria típica do lugar.



Templo da Fortuna Viril, Roma



Maison Carrée, Nîmes


- **TEMPLO CENTRALIZADO.** Tomando como modelo os monumentos funerarios gregos (*tholos*) e os sepulcros etruscos, os romanos constrúen templos de planta circular, como os adicados a Vesta, cunha cella rodeada dunha fila de columnas compostas ou corintias. Un exemplo de templo de planta central é o **Panteón** de Roma cuxa enorme cúpula casetonada será un dos maiores fitos e referencia constante dentro da historia da arquitectura.




d. EDIFICIOS PARA ESPECTÁCULOS

- O **CIRCO** destínase ás carreiras de carros. A súa estrutura deriva dos hipódromos gregos e consta dunha pista rectangular dividida en dous por un muro de separación (*spina*). Os chanzos rodeaban por completo a pista. O máis grande era o **Circo Máximo** de Roma, que foi ampliado varias veces ata acadar unha capacidade de 250.000 espectadores.

Circo romano




- O **TEATRO** romano conserva a estrutura do grego, pero a diferenza fundamental era que non se colocaba na ladeira dunha montaña para aproveitar o desnivel, senón que se levantaba exento mediante a construción de arcadas superpostas abovedadas de formigón, ladrillo, pedra ou *opus mixto*. Sobre elas colocábanse os chanzos (*cavea*) e o escenario semicircular situado sobre un podio. A diferenza dos gregos, os romanos terán tendencia a cercar os lugares onde se realizan actos públicos e así, se para os gregos o teatro era esencialmente unha estrutura aberta á paisaxe, para os romanos convértese nunha estrutura pechada. Ata podía cubrirse parte do escenario e a bancada, ou no caso de teatros pequenos (*odea*) tiñan cuberta de madeira. O primeiro gran teatro romano é o **Teatro Marcelo** de Roma, construído en época de Augusto, e que serve de modelo aos posteriores. Nas provincias destacan o teatro de **Palmira** e o teatro de **Mérida**.




Teatro romano, Mérida

- O **ANFITEATRO**. Xorde da unión de dous teatros, eliminando o escenario. É un edificio destinado a loitas de gladiadores e outros espectáculos sangrentos: execucións, loitas de feras ou de homes contra feras, etc. A planta era elíptica e os chanzos construíanse como nos teatros. Debaixo da area había un sistema de galerías para gardar as feras e outras dependencias (fosa bestiaria). O máis coñecido é o **Anfiteatro Flavio**, o **Coliseo** (Roma), edificado no último cuarto do S.I d.C., e que podía albergar 45.000 espectadores. Na fachada exterior superpóñense as tres ordes clásicas en columnas, máis o composto nas pilastras do último piso. Créase ademais un esquema que enmarca o arco de medio punto que serve de soporte dentro dunha estrutura alintelada que marcan as columnas e o lintel.



e. OUTROS EDIFICIOS


- **TERMAS**. Grandes complexos, sobre todo as de Roma, onde ademais das instalación para o baño podía haber xardíns, ximnasia, saunas, salas de masaxes, bibliotecas, etc. Son as máis avanzadas obras de enxeñaría romanas, sobre todo as inmensas salas con bóvedas de aresta ou cúpulas de formigón, colocadas sobre grosos muros e revestidas de mosaicos e placas de mármore. Había tres salas: a fría (*frigidarium*), a tépeda (*tepidarium*) e a quente (*caldarium*). A auga quentábase por medio dun sistema de condutos situados debaixo do chan (*hipocausto*). As máis grandes son as **termas de Caracalla** (principios do S.III) e as **termas de Diocleciano** (finais do S.III), en Roma.



Termas de Caracalla

- **BASÍLICAS**. Destinadas a albergar tribunais de xustiza ou a bolsa de comercio. Son de planta rectangular, con tres ou cinco naves, teito plano e unha ábsida polo menos nun dos lados curtos (onde se colocaba o tribunal). Destacan a Basílica Aemilia, a Basílica Xulia e a **Basílica de Maxencio** (principios S.IV), de tres naves e abovedada como as termas. As basílicas son de gran importancia porque cando os cristiáns busquen un modelo para os

seus templos de culto copiarán esta tipoloxía, capaz de albergar un gran número de fieis e adaptarse ás necesidades do culto Cristián.



Basílica Ulpia, Roma

- **ACUEDUTOS.** Servían para fornecer de auga ás cidades. Trátase dun conxunto de elementos que serven de apoio á canle por onde pasa a auga que inclúen cisternas, arquerías, sifóns, muros, canles subterráneas, etc. Pero son as grandes arquerías a parte máis espectacular da obra. Exemplos son a **Pont du Gard** (Nîmes), e en Hispania os **acuedutos de Segovia e Mérida**.



Acueducto de Segovia



Pont du Gard

- **PONTES.** Reflicten o grao de perfeccionamento técnico da enxeñaría romana, que crea estruturas que en moitas ocasións seguen sendo utilizadas total o parcialmente nos nosos días, como sucede coa ponte sobre o Bibei en Ourense. A ponte romana constrúese con grandes arcos, como sucede na **Ponte de Alcántara** (S.I d.C.), con dous arcos centrais que miden 27 m. de luz, e arcos laterais que se axustan aos desniveis do terreo.
- **ARCO DE TRIUNFO.** Monumento conmemorativo símbolo das conquistas do Imperio. Os primeiros son do S.II a. C., pero a maioría constrúense durante o Imperio. Só en Roma levantábanse máis de 50 arcos de triunfo. A maioría deles teñen un só arco, como o **arco de Tito**, flanqueado por semicolumnas ou columnas e con paneis esculpidos. A parte superior decorábase con esculturas e servía de soporte a unha cuadriga. Na metade oriental do Imperio o arco triple era o máis popular, como o **arco de Constantino**.





Arco de Tito, Roma




Arco de Constantino, Roma


- **COLUMNNA CONMEMORATIVA.** Parece retomar a tradición exipcia dos obeliscos, e serve de soporte a un programa de relevo escultórico que conmemora un triunfo militar, como sucede na **columna Traxana**.



- As **VILAS**. Eran vivendas unifamiliares construídas en torno a un patio central e situadas nos arredores das cidades onde residían as clases altas, como a Vila Adriana en Tívoli ou a Vila de Diocleciano en Split. Pola contra, o pobo residía nas chamadas insulae, edificios de ladrillo e madeira organizados en varias plantas e divididos en pisos.



Villa



Insula

- Os **ENTERRAMENTOS**. Situábanse nos camiños de acceso á cidade, xa que estaban prohibidos dentro da mesma. Son frecuentes os edículos sobre podio con planta circular, como o sepulcro de Cecilia Metella ou o Mausoleo de Adriano. Pensados para estar

cubertos dun túmulo de terra cuberto de vexetación, vincúlanse coa tradición etrusca. Nos casos de incineración, as cinzas recollíanse en pequenas urnas que se colocaban en nichos.



Tumba de Cecilia Metella, Roma



Vía das Tumbas, Pompeia

4. A ESCULTURA ROMANA

a. CARACTERÍSTICAS

- Forte carácter propagandístico da escultura pública, sobre todo durante o Imperio.
- Dúas correntes. A escultura romana moverase entre unha formte tendencia ao realismo, e a influencia en determinados momentos máis forte, da idealización grega. Nos últimos anos do Imperio imporase unha progresiva esquematización, perda de proporcións e perspectiva que desembocará nunha perda do oficio escultórico que se manterá ata o final da Idade Media.
- Tanto os materiais como a técnica parten da escultura grega, so que os romanos inciden máis nun decorativismo que enche a obra, chegando en ocasións a cubrila por completo de relevos (*horror vacui*). Engádese un repertorio decorativo de bucráneos, roleos e guirnaldas dispostos de forma xeometrizada.

b. O RETRATO ROMANO

- **RETRATO DE CARÁCTER PRIVADO.** Coa finalidade de serviren de recordo dos membros da familia, ou simplemente como elemento de prestixio persoal. Para lograr un maior realismo nas representacións é fundamental a tradición da *imago maiorum*, retratos extremadamente realistas tomados de máscaras mortuorias, que rememoraban aos antepasados. Un exemplo é a estatua do **togado Barberini**, onde aparece un patricio que porta as efixies dos seus antepasados. Estes retratos ocupaban un altar dentro de cada casa e se levaban nos solemnes actos públicos. O rostro será a parte máis importante do retrato, que vai reducíndose en tamaño ata quedar en bustos.
- **RETRATO DE CARÁCTER PÚBLICO.** O retrato do emperador convértese en instrumento de propaganda oficial e represéntase de maneiras distintas:
 - **Retratos togados:** aparece coa toga de senador, ou coa toga de pontífice máximo (coa cabeza cuberta). Augusto do Museo das Termas.




- **Retratos militares:** representase ao emperador arengando as súas tropas. Augusto de Prima Porta.
- **Retratos do emperador como deus:** Retrato de Claudio divinizado.
- **Estatuas ecuestres:** Marco Aurelio. Representan os triunfos militares dos emperadores, e acuñan unha tipoloxía representativa do poder político que será retomada no Renacemento (Donatello, Verrocchio).



Augusto. Museo das Termas



Augusto de Prima Porta



Claudio Divinizado. Museos Vaticanos




Marco Aurelio. Museos Capitolinos

c. O RELEVO HISTÓRICO

É a gran achega dos romanos á escultura. En Roma eran frecuentes as celebracións triunfais adicadas aos emperadores que volvían vitoriosos da guerra, erixindo monumentos que os honrasen: arcos de triunfo, altares e columnas, decorados con relevos históricos con intención propagandística.

Neste tipo de relevos conséguense crear profundidades mediante a gradación do relevo pictórico, e, en ocasións, conséguense unha visión en perspectiva grazas á inclusión de elementos arquitectónicos ou paisaxísticos como fondo. En ocasións as representacións cárganse de figuras ata cubrir por completo as superficies, cun *horror vacui* que se impón a toda a composición.

O **Ara Pacis** de Augusto foi erixido como homenaxe ao emperador por ter conquistado as Galias e Hispania. Consta dun pequeno altar rodeado dun muro case cadrado (10x11 m.), recuberto de relevos. No muro interior do recinto aparece un friso formado por bucráneos (cabezas de touro, influencia de Pérgamo) e guirnaladas. No exterior do muro hai un zócalo de roleos de acanto e na parte superior catro alegorías nos lados con porta (dúas a cada lado) e, nos lados sen entrada representase a procesión cívica onde o emperador, acompañado de Eneas, a familia imperial e os senadores acoden ao sacrificio anual en honra da paz. As figuras ordéanse nun ritmo procesional e os rostros son retratos dos personaxes, distinguíndose a maioría deles. O relevo pictórico está moi logrado. Das alegorías destaca a da Terra, que aparece como unha matrona flanqueada polos xenios do aire (sobre un cisne) e da auga (sobre un monstro mariño) como símbolo da prosperidade do reinado de Augusto.



As columnas conmemorativas elévanse sobre un pedestal que adoita servir de mausoleo, cuxo fuste está adornado cunha banda continua de baixorrelevos. Como remate, unha especie de capitel servía de soporte á estatua do emperador divinizado. A columna de Traxano foi erixida no seu foro e nos seus baixorrelevos nárrese a conquista de Dacia. As figuras represéntanse de xeito clásico, naturalista e idealizadas, empregando o relevo pictórico para representar a perspectiva.

A columna de Marco Aurelio imita á anterior, pero o seu estilo é moi dramático, anticlásico (non hai relevo pictórico, as figuras non teñen proporcións naturais). Aquí aparece a corrente anticlásica que nos anuncia a arte medieval.

Os arcos de triunfo tamén estaban decorados con baixorrelevos e columnas, coas correspondentes inscricións, que glorifican ao emperador. O núcleo era de formigón e ladrillo, forrado con mármore. Encima do ático adoitaba haber unha cuadriga de bronce. Dun só van destaca o arco de Tito, con baixorrelevos sobre a guerra contra os xudeus e o saqueo de Xerusalén. Máis tardíos e cun estilo máis anticlásico temo o arco de Septimio Severo e o arco de Constantino, moi tardío, que presenta a particularidade de ter baixorrelevos aproveitados de monumentos anteriores como os do arco de Trajano, de moita maior calidade que os que se fixeron propiamente para o devandito arco.



Arco de Tito



Arco de Constantino




Arco de Constantino (relevo procedente do Arco de Traxano)

5. A PINTURA E O MOSAICO

Grazas sobre todo aos restos das cidades de Pompeia e Herculano, coñecemos como era a pintura mural romana. Esta pintura desenvolverá cada vez unha maior complexidade na representación espacial e perspectiva. Iníciase simplemente como imitación de revestimentos de mármore, para ir introducindo pouco a pouco elementos arquitectónicos e paisaxes, con carácter ilusionista e tratando de acadar unha representación en perspectiva dos espazos e as figuras. As cores utilizadas son moi variadas e vivas.

Tamén se conserva pintura sobre táboa sobre todo de retratos. Son dun gran realismo, sobre fondos neutros, iluminados de forma homoxénea e suave e con predominio de cores ocre e suaves.



Os romanos toman dos persas e perfeccionan a técnica do mosaico. Trátase de pequenas pezas de terracota vidradas chamadas teselas, coas que se forman decoracións xeométricas ou figuradas. Utilízanse para decorar chans e tamén paredes. Segundo o tamaño das teselas utilizadas distínguense varios tipos de mosaicos: opus tesellatum (tamaño das teselas superior a un centímetro), opus vermiculatum (tamaño das teselas inferior a un cm.). Busca efectos pictóricos, gradacións de cor, efectos de claroscuro.



6. ARTE NA HISPANIA ROMANA E A PRESENZA EN GALICIA

ARQUITECTURA E URBANISMO

A arquitectura será unha arte ao servizo da conquista e a romanización das provincias. A Península será conquistada a finais do S.I a.C., comezando entón a explotación dos recursos agrarios na Meseta e no Sur, e mineiros no Noroeste.

Nas cidades de nova fundación aplicarase un trazado ordeado en forma de dameiro que parte da organización do campamento militar romano. Así o vemos en cidades como Tarraco (Tarragona), Emérita Augusta (Mérida) e Itálica (Sevilla). Na Gallaecia serán tres as cidades en torno ás que se organice a presenza romana: Bracara Augusta (Braga), Astúrica Augusta (Astorga) e Lucus Augusti (Lugo). Nesta última consérvanse as murallas do S.III que dan idea da inestabilidade do Imperio nos últimos séculos. Ademais destas grandes urbes e outras vilas romanas de menor tamaño, na Gallaecia manterase o hábitat típico prerromano, os castros. Perviven comunidades gandeiras e agrícolas que seguen habitando de maneira

dispersa o territorio, en poboados amurallados con vivendas unifamiliares de planta xeralmente circular ou ovoide. Tamén estes castros sufrirán unha romanización incorporando algunhas achegas romanas como a adaptación das termas.

Na construción de obras públicas é onde mellor se representa o espírito práctico romano que busca sacar o maior proveito ás súas conquistas facilitando infraestruturas que permitan explotar recursos e transportar mercaderías. Para facilitar o tráfico marítimo constrúense por exemplo faros como a Torre de Hércules (A Coruña), torre de base cadrada cunha escada helicoidal mediante a que se accede á parte superior. O aspecto actual do faro reflicte as modificacións engadidas no S.XVIII.

No transporte terrestre serán fundamentais as pontes, construídas con núcleos de formigón e cubertos de placas de pedra formando grandes arcadas. Exemplos serían as pontes de Mérida ou a de Alcántara. Na Gallaecia destaca a ponte sobre o río Bibei na provincia de Ourense, construída con grandes placas de granito local e que segue aínda hoxe en día en uso.

As cidades fornécense de auga grazas aos acuedutos como o acueduto de Segovia, cuxas arquerías seguen a ser a imaxe máis representativa da cidade. Outros destacados son o acueduto dos Milagros de Mérida, erixido con fiadas alternativas de sillares de granito e ladrillos e núcleo de formigón, e o de Lles Ferreres en Tarragona.

As edificacións adicadas ao lecer son menos frecuentes nas provincias, sobre todo na Gallaecia, menos romanizada, pero contamos con algúns exemplos como as termas de Lugo das que conservamos dúas salas cubertas por bóveda de canón. Outro exemplo podería ser Santa Baia de Bóveda, onde conservamos tres salas separadas por arcos e onde destaca a pintura mural da súa bóveda, aínda que non se coñece totalmente a utilidade nin a cronoloxía exacta da construción.

Entre os teatros, o máis importante é o teatro de Mérida, cuxa cavea inferior está excavada no chan, seguindo o modelo grego. Outros teatros importantes son o teatro de Itálica (Sevilla), e o teatro de Sagunto.

Dos anfiteatros, o máis grande é o anfiteatro de Itálica, parcialmente destruído, cunha *gran fosa bestiaría*.

Consérvanse tamén arcos de triunfo destacando o arco de Medinaceli (Soria) con tres vans.

ESCULTURA E MOSAICOS

As esculturas atopadas na Hispania romana abundan máis na Bética, Lusitania e Tarraconense que na Gallaecia, e terán unha calidade dispar. Destacan as conservadas no Museo Arqueolóxico de Sevilla representando aos emperadores hispanorromanos Traxano e Adriano.

Os mosaicos decoraban os chans das casas ou vilas de luxo, ou ben as termas e outros edificios públicos. Destacan os mosaicos da vila de Olmeda (Palencia), os mosaicos de Itálica (mosaico dos Paxaros, mosaico do Planetario), o mosaico da Medusa en Tarragona, e o Sacrificio de Ifigenia en Ampuries. Na Gallaecia destacan os mosaicos decorados con temas de fondo marino, como os atopados en Lugo, ou os da Cigarrosa en Ourense.

7. ACHEGAS NA PRIMEIRA ARTE CRISTIÁ

A Arte Paleocristiá ou do primeiro cristianismo servirá de ponte entre a cultura clásica grecorromana e a cristiá medieval. Non hai que esquecer que o cristianismo nos seus primeiros séculos desenvólvense dentro do Imperio Romano, do que recibe influencias pero sobre todo é fronte ao que pretende reaccionar. A idealización será substituída por un novo expresionismo e esquematización máis acorde co novo público desta arte.

O S.IV será un auténtico punto de inflexión para esta arte, xa que o Edicto de Milán (313) primeiro, e o manifesto de Teodosio despois, supón a superación da clandestinidade na que se mantivo o cristianismo nos seus primeiros séculos. Este cambio terá consecuencias importantes para a arte: o culto faise público e constrúense as primeiras basílicas cristiás. Xurdirán novas tipoloxías vinculadas ao novo culto, como os baptisterios e os *martyria*. As pinturas deixan de estar relegadas ás catacumbas e van decorar estas primeiras igrexas xunto con ricos mosaicos. Ademais, as artes plásticas poden representar xa abertamente os temas do cristianismo, sen utilizar o repertorio de imaxes pagán.



A BASÍLICA

Mentres o cristianismo foi unha relixión prohibida, o culto desenvolvíase de forma clandestina en casas particulares, como a Dura Europos. Pero a partir do Edicto de Milán, os cristiáns poden practicar abertamente o seu culto. Con todo, as tipoloxías relixiosas preexistentes non se adaptan ás súas necesidades, de modo que deberán adaptar unha tipoloxía pagá, a basílica romana, para o culto. Necesitaban un edificio capaz de albergar a gran número de fieis dirixidos cara a un punto, o altar maior, desde o que o sacerdote dirixe o culto. Esta estrutura da basílica romana adáptase como igrexa cristiá coa seguinte distribución:

- Pórtico que conduce a un **adro** ou patio porticado que pode ter encostadas unha ou dúas torres campanario.
- **Nártice**, espazo transversal aos pés da basílica destinado aos non bautizados.
- Corpo da igrexa, formado por tres ou cinco **naves** separadas por columnas que poden sosteñer arcos ou arquitrabes. A nave central adoita ser máis alta que as laterais, o que lle permite abrir xanelas que iluminan directamente a nave. O espazo creado é claramente lonxitudinal, dirixindo a atención ao espectador cara ao altar. A cuberta é plana ou alintelada igual que nas basílicas romanas, cun tellado a dúas vertentes construído con armazón de madeira. O teito decórase con casetóns.
- **Matronium**. Desde o S.V algunhas basílicas terán un segundo piso aberto á nave central onde se situaban as mulleres. Será o antecedente do triforio medieval.
- **Transepto**. Nave que se coloca perpendicular á nave central dando unha forma de cruz en planta. É a orixe da planta de cruz latina. A zona de cruzamento das naves denomínase **cruceiro**.
- **Ábsida**. Detrás do transepto de forma semicircular e cuberto con bóveda de cuarto de esfera. No centro sitúase o ara.
- **Exemplos**: Santa María a Maior, San Pablo Extramuros, Santa Sabina.

Alguns edificios construíronse cunha **planta centralizada**, pequenos templos como a Igrexa da Natividade de Belén ou martirio adicados aos mártires do cristianismo. Entre estes últimos destaca o mausoleo de Santa Constanza. Utilízanse plantas centrais: circulares, poligonais ou

de cruz grega que se cobren dunha cúpula. O espazo central rodéase por unha nave chamada deambulatorio que permite rodear as reliquias do mártir que se conservan no centro.



A NOVA ICONOGRAFÍA CRISTIÁ

A diferenza doutras relixións monoteístas como o xudaísmo é posteriormente o Islam, o cristianismo vai utilizar desde a súa aparición as imaxes para representar a súa fe. Entre outros motivos, seguramente o peso da tradición iconográfica clásica do mundo romano no que xurde a nova relixión, así como a vontade de expandir a súa doutrina a un gran número de fieis iletrados, favoreceron o rápido xurdimento dun repertorio de imaxes de temática cristiá que coñecemos sobre todo grazas ás pinturas murais e os sarcófagos.

Ao igual que sucedera na arquitectura, a publicación do Edicto de Milán sinala un antes e un despois nas primeiras representacións cristiás. As primeiras pinturas murais aparecen decorando as catacumbas que servían de enterramentos clandestinos. Formadas por galerías excavadas en roca branda nas aforas das cidades, nas súas paredes ábrese nichos rectangulares (*loculi*), ou en forma de arco (*arcosolium*) destinados aos sarcófagos. As familias máis ricas tiñan a súa propia capela funeraria e alí onde se atopan os mellores repertorios de pinturas e os sarcófagos de máis calidade.

As pinturas anteriores ao Edicto de Milán toman moitas veces repertorios pagáns e cristianízanos mudando o simbolismo da representación. Era un xeito de camuflaxe nun momento en que o cristianismo estaba duramente perseguido, pero tamén reflicte ata que punto esta nova relixión nace no ámbito da cultura grecolatina. Así por exemplo segue a utilizarse un repertorio decorativo de guirnaldas e moitas imaxes pagás mudan de significado adaptándose á nova relixión: Eros e Psique son o modelo para representar a Cristo conducindo as almas; o mito de Orfeo simboliza a resurrección de Cristo; o Bo Pastor é unha adaptación do Moscóforo grego no que se substitúe o tenreiro por un cordeiro; simbolizando a Cristo como pastor dos seus fieis; tamén se representa a Cristo como pensador, ao modo dun filósofo.



Créase un novo repertorio simbólico como a vide, que representa a sangue de Cristo, as espigas representan o seu corpo, o pavo real fai alusión ao ave fénix e ao mito da inmortalidade agora identificados coa figura de Cristo. É un repertorio de imaxes que non fai alusión directa á relixión cristiana, axeitado para ese momento de clandestinidade.

Outras alusións máis directas á relixión será o chamado **Crismón**, formado polas letras P e X, iniciais do nome de Cristo ás que se engaden o alfa e o omega gregos, como alusión a Xesús como principio e fin de todo. Ademais deste símbolo, desde a aprobación do Edicto de Milán represéntanse directamente temas bíblicos como Xonás e a balea, os tres xudeus no forno, Daniel no foso dos leóns, a Virxe e os Magos, a Última Cea...



Tecnicamente, aínda que de calidade desigual, estas pinturas non se diferencian das súas contemporáneas romanas. As imaxes son expresivas, non existe terceira dimensión nin se intentan crear imaxes belas: só interesa o xesto e o seu significado, están bastante abocetadas, as pinceladas son pastosas e longas e non existe interese pola proporción. Están pintadas ao fresco, previo estucado das paredes. Nalgúns cubicula hai tamén mosaicos. As catacumbas máis famosas están en Roma, destacando as de San Calixto, as dos Santos Pedro e Marcelino e as de Domitila.

En canto á escultura destaca sobre todo o relevo na decoración nos sarcófagos. Os máis luxosos eran de mármore. A temática na súa decoración era a mesma que para as pinturas, engadíndose algún elementos propios como eran os estríxiles, liñas onduladas que enmarcaban o tema central do relevo. Os baixorrelevos decoraban o frontal cun *horror vacui* que inundaba de esceas toda a superficie. En ocasións estas esceas ordenábanse utilizando elementos arquitectónicos como columnas e arcadas que individualizaban as esceas e incluso dividían o friso en dous rexistros, como sucede no sarcófago de Xunio Basso.

